

1 **REGULAMENTO DA ASEMBLEA NACIONAL EXTRAORDINARIA**

2
3 **DA CONVOCATORIA E COMPOSICIÓN DA ASEMBLEA NACIONAL EXTRAORDINARIA**

4
5 **Artigo 1**

6 O Consello Nacional do BNG na súa sesión do día 14 de marzo de 2009 convoca á
7 organización en Asemblea Nacional Extraordinaria, para o debate e aprobación dun
8 documento político e a elección dos órganos de dirección do BNG.

9
10 **Artigo 2**

11 Son membros de pleno dereito da Asemblea Nacional Extraordinaria todos os/as afiliados/as
12 do BNG que estean dados de alta antes da data de convocatoria da mesma e co pagamento
13 das cotizacións ao día.

14 A obriga de estar ao día no pago das cotizacións afecta tamén á participación como membro
15 de pleno dereito no proceso territorial da Asemblea Nacional.

16
17 **Artigo 3**

18 Os/As afiliados/as de pleno dereito poderán participar de forma directa nas Asembleas
19 Comarcais e a través dos/as delegados/as electos/as nas mesmas na Asemblea Nacional
20 Extraordinaria.

21
22 **Artigo 4**

23 Remítanse a todas as comarcas o día 18 de marzo as relacións provisionais de afiliados/as
24 ao BNG.

25 Establécese de prazo até o 31 de marzo para a actualización de cotas por parte dos/as
26 militantes.

27 Os/as Responsábeis Comarcais remitirán antes das 14:00 horas do día 3 de abril, as
28 correccións á relación provisional de afiliados/as especificando os/as militantes sen pleno
29 dereito.

30 O 7 de abril enviarase ás comarcas o Censo Nacional Definitivo de Afiliados/as de pleno
31 dereito. Os listados deben incluír tamén aos/as membros de Galiza Nova conforme ao
32 estipulado no artigo 1.2.12 dos Estatutos do BNG.

33
34 **Artigo 5**

35 No recibo de cobro das cotas de maio cargarase unha cota extra de 6 euros por afiliado/a para
36 contribuír á cobertura dos gastos da Asemblea Nacional, estando eximidos do pagamento
37 desta cota extra os/as afiliados/as de Galiza Nova.

38
39 **DO PROCESO DE ELECCIÓN DE DELEGADOS/AS**

40
41 **Artigo 6**

42 En virtude do artigo 3.3 dos Estatutos do BNG as Asembleas Nacionais celebraranse por
43 medio de delegados e delegadas electas.

44
45 **Artigo 7**

46 A Comisión organizadora da Asemblea Nacional Extraordinaria supervisará a distribución de
47 delegadas/os por comarcas, asignándolle a cada unha un número directamente proporcional
48 ao seu número de afiliados/as de pleno dereito conforme ao Censo Nacional definitivo. Os
49 membros do Consello Nacional son membros de pleno dereito da Asemblea Nacional (3.4
50 Estatutos).

1 **Artigo 8**

2 Establécese en 2.500 o número de delegados/as de elección comarcal que conforman a
3 Asemblea Nacional, aos que se suman, como membros natos, as persoas integrantes do
4 Consello Nacional.

5

6 **Artigo 9**

7 Os/as delegados/as serán escollidos polas Asembleas Comarcais mediante a presentación de
8 listas pechadas.

9

10 **Artigo 10**

11 Consideraranse válidas as candidaturas que inclúan, como mínimo, un 10% de candidatos/as
12 dos delegados/as a escoller, podendo incluír as candidaturas completas un número de
13 suplentes non superior ao 10% do total de candidatos/as que lle corresponden a esa comarca.
14 As candidaturas deberán presentarse acompañadas da aceptación dos seus membros, que
15 serán afiliados/as de pleno dereito adscritos á comarca na que concorren. Deberán, ademais,
16 contar cunha porcentaxe non superior ao 60% nin inferior ao 40% para cada un dos xéneros.
17 O prazo de presentación de candidaturas de delegados/as iniciárase o día 7 de abril e
18 rematará 48 h. antes da hora fixada para a celebración da Asemblea Comarcal na que se
19 elixan os/as delegados/as. Establécese até o inicio da Asemblea Comarcal o prazo para que
20 as distintas candidaturas podan propoñer alteracións na lista presentada ou proceder á
21 subsanación de erros comunicándollo á mesa da Asemblea Comarcal.

22

23 **Artigo 11**

24 Os Consellos Comarcais serán os encargados de comprobar no seu ámbito, o respecto aos
25 criterios básicos establecidos neste regulamento.

26 No seu momento cada candidatura poderá nomear un/unha representante con opción a
27 integrarse con voz e sen voto nas sesións do Consello comarcal adicadas á supervisión do
28 proceso de elección de delegados.

29

30 **Artigo 12**

31 En canto ao procedemento de elección dos delegados/as, de haber varias candidaturas, os
32 postos distribuiranse polo procedemento proporcional directo. Neste caso, se a unha
33 candidatura lle correspondese un número de delegados/as superior ao número de
34 candidatos/as presentados/as, perdería esa representación. Se só existise unha candidatura
35 será proclamada se obtén máis votos a favor que en contra.

36 As candidaturas de delegados/as poderán nomear un interventor para o escrutinio.

37

38 **Artigo 13**

39 Os/as delegados/as electos/as poderán ser substituídos/as por corremento da lista de titulares
40 ou suplentes sempre que se comunique ao Responsábel Comarcal con 72 horas de antelación
41 ao inicio da Asemblea Nacional. Os/As Responsábeis Portavoces comarcais do BNG terán
42 que comunicar as listaxe de delegados/as eleitos/as o día 20 de abril, e disporán até o día 8 de
43 maio ás 10:00 horas para comunicar substitucións nesa listaxe.

44

45 **Artigo 14**

46 No caso da comarca da Emigración, e dadas as súas características específicas, o proceso de
47 decisión poderase levar a cabo a través de reunións de asembleas locais coordinadas a nivel
48 comarcal. Esta excepción ten carácter exclusivamente organizativo e serán de aplicación

1 tamén a este caso as normas e principios recollidos neste Regulamento e nos Estatutos do
2 BNG.

3 4 **DA ELABORACIÓN, DEBATE E APROBACIÓN DO DOCUMENTO POLÍTICO E DO** 5 **REGULAMENTO.**

6 7 **Artigo 15**

8 O Consello Nacional fixará os temas a debater e convocará a constitución da Comisión
9 encargada de redactar a proposta de documento, que será aberta a todos/as os membros do
10 Consello Nacional que desexen participar no traballo da mesma.

11 12 **Artigo 16**

13 A Comisión presentará ao Consello Nacional os textos aprobados pola maioría dos seus
14 membros. Nos casos nos que haxa discrepancia, constarán igualmente os votos particulares
15 dos membros da Comisión que así o soliciten.

16 17 **Artigo 17**

18 O Consello Nacional aprobará o texto definitivo da proposta de Documento Político, enviándoo
19 ás Asembleas Comarcais para a súa discusión. A proposta de documento irá acompañada dos
20 votos particulares, sempre que os interesados/as, membros do C.N., manifesten a vontade de
21 mantelos.

22 Consideraranse votos particulares aquelas propostas alternativas presentadas por membros
23 do CN que disintan do documento aprobado polo órgano, xa sexa no seu conxunto ou nalgún
24 dos seus apartados. Por tanto, os votos particulares atinxirán á totalidade do documento ou
25 dalgún dos seus apartados, conlevando, agás que se propoña a súa supresión, a presentación
26 dun texto alternativo.

27 28 **Artigo 18**

29 A Comisión Organizadora da ANE presentará ao CN unha proposta de Regulamento. O CN
30 aprobará o texto definitivo da proposta de Regulamento, enviándoo ás Asembleas Comarcais
31 para a súa discusión xunto co Documento Político.

32 33 **Artigo 19**

34 Fíxase como data para o debate da proposta de documento en Asembleas Comarcais o 18 de
35 abril. Os Consellos Comarcais deberán facer as previsións oportunas para que o seu
36 desenvolvemento sexa ordenado e áxil, garantindo o debate das propostas que se presentan e
37 convocando con suficiente antelación ao conxunto dos afiliados/as do BNG.

38
39 As Asembleas Comarcais debaterán a proposta de documento e os votos particulares,
40 podendo formular emendas parciais ou á totalidade do Documento Político. As emendas
41 deberán ser presentadas por escrito nas sedes comarcais con 24 h. de antelación ao inicio da
42 Asemblea.

43 44 **Artigo 20**

45 Para que unha emenda pase a debate á A.N. precisará acadar a maioría simple dos votos
46 dos presentes nunha Asemblea Comarcal, isto é, máis votos a favor que votos en contra. Para
47 que un voto particular de membros do Consello Nacional pase a debate á Asemblea Nacional
48 deberá acadar, cando menos, a maioría simple dos votos nunha asemblea comarcal, isto é,
49 máis votos a favor que en contra. As emendas que prosperen nas distintas Asembleas
50 Comarcais distribuiranse ao conxunto da organización con tempo suficiente para poderen ser
51 estudadas.

52 53 **Artigo 21**

54 As emendas serán ditaminadas no Consello nacional do 25 de Abril e debatidas en Pleno na

1 Asemblea Nacional Extraordinaria, con quendas axustadas ao tempo asignado na Orde do Día
2 da mesma.

3 4 **Artigo 22**

5 O C.N. designará as persoas encargadas de defender a proposta de documento no Pleno.

6 7 **Artigo 23**

8 Os emendantes designarán un portavoz para defender as emendas no Pleno. En ausencia
9 deste, se ningún delegado/a asume a súa defensa, a emenda entenderase decaída.

10 11 **Artigo 24**

12 No debate de cada emenda haberá unha intervención a favor por parte do portavoz-
13 emendante e outra por parte dun/ha defensor/a.

14 15 **Artigo 25**

16 Defensores e emendantes poderán chegar a emendas transaccionais. Neste caso,
17 submeterase a votación a transaccional, que prosperará de acadar máis votos a favor que
18 votos en contra.

19 20 **Artigo 26**

21 Se unha emenda é aprobada, o seu texto substituirá ao correspondente da proposta de
22 documento. Se todas son rexeitadas, entenderase aprobado o texto orixinal da mesma. De
23 aprobarse máis dunha emenda á mesma parte do texto orixinal, prevalecerá aquela que acade
24 máis votos a favor.

25 26 **Artigo 27**

27 A proposta de documento submeterase á decisión final do Pleno, que a aprobará ou rexeitará
28 no seu conxunto nunha soa votación.

29 30 **Artigo 28**

31 O Pleno aprobará as propostas que acaden maioría simple, ou sexa, que teñan máis votos a
32 favor que en contra. Todas as votacións relacionadas co proceso de debate do Documento
33 Político (emendas, votos particulares e totalidade do texto) realizaranse a man alzada no Pleno
34 da Asemblea Nacional Extraordinaria.

35 36 **DO PROCESO DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN DO BNG.**

37 38 **Artigo 29**

39 A A.N. elixirá 50 membros para formar parte do C.N. aos que se sumarán no seu día os
40 membros elixidos polas respectivas Asembleas Comarcais, e os membros designados por
41 Galiza Nova e polos colectivos que conforman o BNG, segundo o estatutariamente
42 establecido.

43 44 **Artigo 30**

45 A elección farase por listas pechadas. Serán consideradas válidas todas as candidaturas que
46 inclúan, como mínimo, tantas persoas como postos a cubrir e un mínimo de cinco suplentes e
47 que sexan presentadas antes das 19 h. do 5 de maio.

48
49 A presentación da lista acompañarase de escrito asinado por todas as persoas integrantes da
50 candidatura, certificando a súa aceptación a formar parte da mesma. Así mesmo farase
51 constar a persoa nomeada para exercer como representante da candidatura.

52
53 As listas presentaranse á Secretaría de Organización, que expedirá certificación acreditativa
54 da presentación da candidatura ao representante designado pola mesma. A Secretaría de

1 Organización dará traslado á Mesa da Asemblea das listas presentadas.

2
3 Establécese de prazo até ás 10 h. do domingo 10 de maio para que as distintas candidaturas
4 presentadas poidan comunicar á mesa da Asemblea Nacional Extraordinaria alteracións na
5 lista presentada ou proceder á subsanación de erros. A Mesa dará a coñecer as diferentes
6 listas.

7 8 **Artigo 31**

9 En caso de existir máis dunha candidatura, a votación será secreta e os postos distribuiranse
10 polo procedemento proporcional directo. Se só existise unha votación, tamén será secreta de
11 solicitalo, cando menos, o 20% dos asistentes; caso contrario, faríase a man alzada, quedando
12 proclamada, se obtén máis votos a favor que en contra.

13 14 **Artigo 32**

15 Cando cause baixa un membro do C.N. elixido pola Asemblea Nacional, o seu posto cubrirase
16 co seguinte da lista correspondente.

17 18 **Artigo 33**

19 Unha vez electos, os/as 50 membros do Consello Nacional elaborarán -de común acordo
20 co candidato a Portavoz- unha proposta de candidatura de Executiva Nacional que deberá
21 incluír como nº 1 o/a candidato/a á Portavocía Nacional. O/a Candidato/a a Portavoz
22 Nacional presentará á Asemblea Nacional a proposta para a súa elección.

23
24 En caso de non haber acordo para a presentación dunha única candidatura poderán
25 presentarse varias candidaturas de estar avaladas –cando menos- por quince membros
26 electos do Consello Nacional. As distintas candidaturas deberán incluír como nº 1 un
27 candidato/a á Portavocía Nacional.

28 De presentarse unha única lista resultará aprobada de obter máis votos a favor que en
29 contra. De presentárense varias listas asignaráselle a cada unha un número de postos
30 directamente proporcional aos votos obtidos, fixándose neste caso en 15 o número total de
31 postos a cubrir. Resultará electo Portavoz Nacional o cabeza da lista máis votada.

32 33 **Artigo 34**

34 Entre o 15 e o 30 de xuño completárase o proceso de renovación do Consello Nacional e
35 procederáse á elección dos Responsábeis Portavoces Comarcais e dos membros dos
36 Consellos Comarcais de elección directa nas Asembleas Comarcais. A elección dos
37 Responsábeis Portavoces Comarcais e dos membros designados polos Partidos e Colectivos
38 será comunicada por escrito.

39 No mesmo período procederáse tamén á elección das responsabilidades e órganos locais.
40 Este proceso será regulado desde o ámbito comarcal.

41 42 **DO DESENVOLVEMENTO DAS ASEMBLEAS COMARCAIS**

43 44 **Artigo 35**

45 A Asemblea Comarcal estará presidida polo Consello Comarcal ou persoas nas que delegue.
46 O/A Responsábel Portavoz comarcal exercerá a función de moderador/a aos efectos de
47 ordenar os debates e velar polo cumprimento do horario e a orde do día.

48 49 **Artigo 36**

50 As Asembleas Comarcais celebraranse o sábado día 18 de abril e a súa Orde do Día será a
51 seguinte:

- 52 1.- Debate e votación da proposta da Executiva Nacional sobre a candidatura ás eleccións
53 europeas.
- 54 2.- Debate de emendas ao Regulamento e ao Documento Político.

1 3.- Elección de delegados/as para a Asemblea Nacional Extraordinaria.

2
3 **Artigo 37**

4 Na convocatoria da asemblea comarcal farase constar o horario de desenvolvemento dos
5 distintos puntos da orde do día. En todo caso, a duración máxima prevista será de 40 minutos
6 para o punto primeiro e de 150 para o segundo. En canto ao punto tres haberá unha
7 presentación dun representante de cada candidatura de delegados/as de 5 minutos. Con
8 posterioridade terá lugar unha votación secreta. O horario de inicio e remate da votación
9 figurará na convocatoria da Asemblea e, en ningún caso será inferior a 60 minutos.

10
11 **DO DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA NACIONAL EXTRAORDINARIA**

12
13 **Artigo 38**

14 A Asemblea Nacional Extraordinaria estará formada polo Pleno. Presidirá o Pleno o Consello
15 Nacional. O Consello Nacional designará dous secretarios/as e dous moderadores/as. Serán
16 funcións dos secretarios/as levantar acta da Asemblea Nacional. Será función dos
17 moderadores/as ordenar os debates nas sesións plenarias das Asemblea e velar polo
18 cumprimento do horario e da orde do día.

19
20 **Artigo 39**

21 O Pleno da Asemblea Nacional Extraordinaria someterá a votación na súa primeira sesión o
22 Regulamento e a Orde do Día.

23
24 **Artigo 40**

25 A Mesa do Pleno establecerá os tempos correspondentes a cada intervención en función do
26 número de palabras solicitadas e do cumprimento do horario e Orde do Día aprobada pola
27 Asemblea Nacional na súa sesión plenaria constitutiva. A Mesa terá, pois, competencia para
28 ordenar o desenvolvemento dos debates, ademais de interpretar o presente Regulamento.
29 A competencia do exercicio destas funcións recaerá nos/as moderadores/as designados/as
30 polo Consello Nacional.

31
32 **Disposicións adicionais**

33
34 1ª.- As emendas ao presente Regulamento non poderán ter carácter retroactivo. Por tanto o
35 Regulamento, unha vez aprobado polo Consello Nacional, será válido e inemendábel até a
36 constitución da Asemblea Nacional Extraordinaria, podendo a propia Asemblea, na primeira
37 sesión plenaria, introducir emendas que atinxan ao proceso posterior (isto é, á mecánica da
38 propia Asemblea Nacional e ao proceso territorial de renovación de órganos que completa o
39 proceso asemblear).

40
41 2ª.- En todas aquelas cuestións non contempladas neste regulamento relativas ás listas para
42 a escolla de delegados/as e á mecánica de elección será de aplicación, por analogía, o
43 contemplado nos Estatutos do BNG a respecto das candidaturas que concorren á elección de
44 Consello Comarcal.

45
46 3ª.- Nas semanas seguintes á celebración da Asemblea Nacional Extraordinaria unha comisión
47 formada polos/as coordinadores/as da comisión redactora da proposta de documento daralle
48 forma definitiva ao texto aprobado, incorporando todas as emendas aprobadas e tomando en
49 consideración as distintas suxestións ao preámbulo do documento.